

ANEXO VI

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		DNI/NIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>			
PROVINCIA <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CODIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/>	CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/>	DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/>	CÓDIGO DA CONTA <input type="text"/>
ENTIDADE FINANCIERA <input type="text"/>		ENDEREZO <input type="text"/>	
PROVINCIA <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e que corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral foi creado por Lei 14/2007, do 30 de outubro, como organismo autónomo dos previstos no artigo 11 b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Segundo o establecido na disposición transitoria primeira da devandita lei, o inicio de actividades do instituto determinarase mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de relacións laborais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me son conferidas, de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Establécese como data do inicio das actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral o día 1 de xullo de 2008.

Disposición transitoria

Os expedientes de contratación vinculados ao ámbito competencial do instituto e á aplicación orzamentaria 16.01.321A.632.1 continuarán a ser xestionados pola Secretaría Xeral da Consellería de Traballo ata a súa terminación. Así mesmo, os gastos correspondentes a telefonía do instituto continuarán a ser xestionados pola secretaria xeral mentres non sexa resolta a súa contratación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Traballo e o director do Instituto Galego de Seguridade Social para ditar os actos e acordos

necesarios para o cumprimento do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 23 de xuño de 2008 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos de linguaxe administrativa galega para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con isto, reconécelles aos cidadáns o dereito de uso, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma. Ademais, para facer efectivo ese dereito, mándalles aos poderes públicos autonómicos que vaian capacitando, progresivamente, no uso do galego o persoal que traballa ao servizo da Administración pública e das empresas de carácter público en Galicia.

Entre as funcións e competencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística figura a promoción e o ensino da lingua galega, concretados, ademais de noutros campos, na coordinación de formación de lingua galega dirixida, entre outros colectivos, aos funcionarios públicos. A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia tamén é un dos fins da Escola Galega de Administración Pública, segundo o establece a Lei 4/1987.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 22 de setembro de 2004, contén, entre outras, varias medidas dirixidas á Administración encamiñadas a renovar a política lingüística con respecto ao uso do galego, adaptándoa aos tempos actuais, co fin de equilibrar unha situación social de desigualdade entre os dous idiomas, o que exige a adopción de medidas favorables ao galego para acadar ese equilibrio. A estrutura e o contido destes cursos régúlaos a Orde do 1 de abril de 2005 (DOG nº 71, do 14 de abril).

Mediante os acordos anuais entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a EGAP establécense as condicións polas cales se rexerá a colaboración entre ambos organismos para potenciar actividades de normalización do uso do galego na Administración autonómica especialmente no campo da formación do persoal ao servizo da Administración pública autonómica.

Por todo isto,

RESOLVO:

Convocar en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística os cursos de formación de linguaxe administrativa galega para o ano 2008, cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2008.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO I

1ª.-Obxecto.

Anúncianse, con carácter gratuíto e en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio (14 edicións) e cursos de linguaxe administrativa galega de nivel superior (16 edicións) que se van realizar de acordo co que se especifica no anexo II desta resolución.

O número de prazas por cursos oscilará entre 30 como máximo e 20 como mínimo.

Os cursos impartiranse en horario de mañá ou tarde segundo as dispoñibilidades de aulas, en setembro/novembro.

2ª.-Requisitos dos participantes.

a) Os cursos van dirixidos aos empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración da Xunta de Galicia e que se atopen en situación de servizo activo ou excedencia polo coitado dun fillo ou dun familiar. Exceptúase o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

b) Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio deberá ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega ou de perfeccionamento de lingua galega.